**Expediente núm.:** 2144/2021
**Procedemento:** Planificación e Ordenación de Persoal
**Actividade:** Planificación e Ordenación de Persoal
**Asunto:** Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**<u>ASUNTO:</u> Aprobación da lista definitiva de aspirantes que superaron o proceso de selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023 no Concello do Pereiro de Aguiar, na categoría profesional de "Electricista (Oficial 1ª)".**

Visto o expediente tramitado para a Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023 para cubrir unha (1) praza na categoría profesional de "Electricista (Oficial 1ª)" (persoal laboral temporal).

Vista a Acta definitiva e proposta de contratación do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

## RESOLVO

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
<u>Lista de aspirantes por orde de puntuación obtida</u>:

| | APELIDOS E NOME | DNI | EXENTO GALEGO | DISCAPACIDADE | EXPERIENCIA PROFESIONAL | FORMACIÓN | COÑECEMENTO LINGUA GALEGA | TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS | PROBA DE COÑECEMENTOS | | | PROBA LINGUA GALEGA | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | Test | Suposto práctico | Total | | |
| 1 | Expósito García Juan Carlos | '5946. | Si | Non | 5,00 | 0,60 | 0,50 | 6,10 | 3,60 | 3,95 | 7,55 | - | 13,65 |
| 2 | Calvo Fernández José Luís | '4514. | Non | Non | 5,00 | 0,20 | 0,00 | 5,20 | 3,60 | 3,70 | 7,30 | APTO | 12,50 |

**Segunda.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com).

**Terceira.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Cuarta.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do



**LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)**
ALCALDE
Data de Sinatura: 08/02/2022
HASH: 96bdb7fd7ca47c563b9a66defcf68ee3

**JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)**
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 08/02/2022
HASH: 9665d207ede6561dc6aae4c21851e168

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0101 Data: 08/02/2022

Cod. Validación: 3RQSQTQMSCTRZSPAGTC3PCZSZ | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

| O alcalde, | O secretario – interventor, |
|---|---|
| Luis Menor Pérez | José Antonio Cerdeira Pérez |

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0101 Data: 08/02/2022
Cod. Validación: 3RQSQTQMSCTRZSPAGTC3PCZSZ | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2